

"ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA"

**PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE
REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO
NEGOCIADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

1.- OBXECTO DO CONTRATO: Trátase dun contrato mixto, da **prestación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA"**, así como a **subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"**, conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares e ao de prescricións técnicas e a oferta presentada polo contratista. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é 72500000-0, 30236000-2 e 30237300-2.

2.- ORZAMENTO MÁXIMO DA LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E PREZO DO CONTRATO: No que respecta ao servizo, o orzamento máximo de licitación por mes é de 2.450,00 €, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a 514,50 € e o orzamento máximo de licitación por mes co IVE é de 2.964,50 €. O orzamento máximo de licitación polos seis meses de duración do contrato é de 14.700,00 €, sen incluír o IVE, o IVE ascende a 3.087,00 €, e o orzamento máximo de licitación, incluído o IVE é de 17.787,00 €.

O contrato é susceptible dunha prórroga de 3 meses. Incluída a mesma, o orzamento máximo de licitación, ascende a 22.050,00 €, sen IVE; o IVE ascende a 4.630,50 €, e o orzamento máximo de licitación é de 26.680,50 €.

Referente á subministración, o orzamento máximo de licitación, durante os seis meses de duración do contrato, é de 7.967,00 € sen engadir o IVA, o IVE ascende a 1.673,07 €. O orzamento máximo de licitación, incluído o IVE é de 9.640,07 €. Dada a posibilidade de prórroga do contrato, o orzamento máximo de licitación pola subministración de materiais informáticos, incluída a prórroga ascendería a 11.950,00 € sen IVE. O IVE sería de 2.509,50 €, e o orzamento máximo de licitación co IVE sería de 14.459,50 €.

O valor total estimado do contrato (servizo e subministración), incluída a prórroga é de 34.000,00 € sen IVE. O IVE ascende a 7.140,00. Incluído o IVE, ascende a 41.140,00 euros

Constitúe o prezo do contrato a cantidade que figurará na oferta do contrataista, no sobre B, da proposición, que deberá axustarse aos

modelos do ANEXO III – OFERTA DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA e do ANEXO IV OFERTA DA SUBMINISTRACIÓN TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE”.

No anexo III as ofertas dos licitadores referenciaranse, á baixa, ao importe do orzamento máximo de licitación por mes, co IVE, **2.964,50 €**, que figura nesta cláusula. No caso de que o licitador non o puntualizara, entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

No anexo IV as ofertas dos licitadores, serán expresadas nunha única porcentaxe de baixa, respecto aos prezos de cada un dos elementos informáticos a subministrar.

3.-FINANCIACIÓN: Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo a aplicación 92002/22706, 13201/21600, 13201/92001 e 13201/92002. A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercizo correspondente.

4.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS: O contrato executarase a risco e ventura do contratista. Non procede revisión de prezos, dado o reducido prazo de duración do contrato.

5.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por sí ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

6.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato adxudicarase mediante mediante procedemento negociado, ao que pode acudirse aplicando o art. 174 e) do TRLCSP, dado que o seu valor estimado, que non inclúe o IVE, é inferior a **100.000,00 €**, non tendo que publicarse anuncios ao non ser o seu valor estimado superior a **60.000,00 €** (art.177.2 do TRLCSP), non obstante se publicará a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es (en diante perfil do contratante) de conformidade co establecido nas Bases de Execución do Presuposto consolidado do Concello para o ano 2.014, que está prorrogado, na data de aprobación deste prego, para o ano 2016. A tramitación é ordinaria.

O órgano de contratación é a Alcaldía, por aplicación do estipulado na

Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

7.-SOLICITUDE DE PROPOSTAS, PUBLICACIÓN DA LICITACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: De conformidade co disposto no art. 178.1 do TRLCSP, o órgano de contratación solicitará a formulación de proposicións para a execución do contrato, como mínimo, a tres persoas físicas ou xurídicas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. A petición realizarase polo ente contratante por escrito, sempre deixando constancia no expediente da recepción das referidas peticións, admitíndose, a estos efectos, a utilización do fax.

Ademais publicarase anuncio da licitación no perfil do contratante de conformidade co establecido nas Bases de Execución do Presuposto.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (en diante Concello), das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS** a contar desde o día seguinte ao da recepción da solicitude da formulación da proposición ou, no caso de non ser invitado a licitación, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da licitación no perfil do contratante. Faise constar que si o prazo rematara en festivo ou sábado ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

Poderanse presentar, dentro do prazo de citado no parágrafo anterior, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resguardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

8.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

As propostas constarán de **DOUS (2)** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu

correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todas proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo I** deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello de Sanxenxo e que, se recae ao seu favor a proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 11ª** deste prego, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No **SOBRE "B"** e baixo denominación **"OFERTA"** realizarase a proposta de acordo cos modelos que se achegan no **anexo II**, no **anexo III** e no **anexo IV** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos criterios para a adxudicación do contrato que figuran na cláusula seguinte deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

9.- ASPECTOS SOBRE OS QUE SE DESENVOLVERÁ A NEGOCIACIÓN:

Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poidan puntuarse:

-Memoria da prestación do servizo. Valorarase ata un máximo de **CINCUENTA (50) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores presentarán xunto co **Anexo II – MEMORIA DESCRIPTIVA DO SERVIZO**, unha memoria detallada do desenvolvemento do servizo, coas prestacións complementarias, directamente vinculadas co obxecto do contrato, que non supoñan un incremento deste e que permitan un mellor funcionamento do servizo. A non presentación da memoria determinará que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

-Prezo. A estes efectos os licitadores presentarán a súa oferta económica, de acordo cos modelos do **Anexos III – OFERTA DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA** e do **ANEXO IV - OFERTA DA SUBMINISTRACIÓN TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"**.

No Anexo III – OFERTA DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA, indicarase a cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación por mes, co IVE, que figura na cláusula 2ª deste prego (**2.964,50 €**). Valorarase ata un máximo de **TRINTA E DOUS (32) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que aprobouse o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de baixa de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualasen ou superasen a referida porcentaxe de baixa terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio. No caso de que o licitador non o puntualizara entenderase que tódalas cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

No Anexo IV - OFERTA DA SUBMINISTRACIÓN TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE”, deberá figurar unha única porcentaxe de baixa de desconto a aplicar respecto aos prezos de cada un dos elementos informáticos a subministrar. Valorarase ata un máximo de **DEZAOITO (18) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que no seu caso corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa á que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de baixa de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualaran ou superaran a referida porcentaxe de baixa terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa á que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio. No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

10.-APERTURA DOS SOBRES, FASE DE NEGOCIACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS UNHA VEZ REMATADA A FASE DE NEGOCIACIÓN:

- a) A apertura e cualificación da documentación incluída no **SOBRE “A”**

as realizará o órgano de contratación. Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada no **SOBRE "A"** comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado. Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.

b) O procedemento de adxudicación continuará coa apertura polo órgano de contratación do **SOBRE "B"** dos licitadores que presentaron a documentación esixida no **SOBRE "A"**, levantándose polo secretario acta a tal efecto na que se deixará constancia das características das ofertas dos licitadores, xa sexa mediante a súa descrición escrita ou mediante copia compulsada das ofertas abertas.

c) Admitida a lo menos unha proposición, coa que se iniciará e se desenvolverá a negociación para obter a contratación, a continuación o órgano de contratación solicitará a emisión de informe/s técnico/s, realizado por persoal ao servizo do Concello ou de calquera dos seus organismos autónomos que teña cualificación profesional adecuada, en razón da materia obxecto da contratación e no que figurará unha proposta de atribución de puntuación conforme aos aspectos sobre os que versará a negociación, e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 9ª** deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 9ª** deste prego.

d) Unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, abrírase a fase de negociación coas diferentes persoas físicas ou xurídicas, que presentaron as ofertas sobre a base das mesmas. A estes efectos se trasladará a cada un dos licitadores o resultado da valoración técnica de todas as plicas presentadas, comunicándolles a apertura da fase de negociación, que se celebrará nas dependencias do concello, ante o responsable deste contrato, que será asistido por un técnico municipal e un funcionario do concello. Na citada reunión se procederá a negociar á vista das ofertas presentadas, e sobre os aspectos sobre os que se pode desenvolver a negociación que figuran na cláusula 9ª deste Prego. Do resultado da negociación realizada na reunión citada anteriormente se levantará Acta na que constará a oferta final de cada unha das empresas, facendo constar que no caso de que algunha das empresas convocadas á reunión de negociación non se presentase, entenderase que mantén a súa oferta inicial.

e) Unha vez realizada a fase de negociación o órgano de contratación solicitará emisión de informe técnico realizado polo persoal ao servizo do Concello ou de calqueira dos seus organismos autónomos, que teña cualificación profesional adecuada, en razón da materia obxecto do contrato, para que faga unha proposta de atribución de puntuación sobre as ofertas resultantes da fase de negociación conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 9ª** deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 9ª** deste prego.

f) Finalmente o órgano de contratación clasificará, pola orde de maior a menor puntuación as ofertas presentadas conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego e procederá a apreciar se, no seu caso, existen valores desproporcionadas ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

11.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN: O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador que obteña a maior puntuación, sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación mais elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 8º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), **será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.**

Os documentos a presentar, que deberán ser orixinais, admitíndose fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais, son os seguintes.

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou

modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo V** deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores.

4.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2 e 3. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo VI** deste prego, do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

5.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE–, Estado, e Concello/Terra) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

6.-Solvencias: Non se esixen, en virtude do disposto no Real Decreto 773/2015, no punto 5 do artigo 11, por non superar o valor estimado do

contrato os 35.000,00 euros.

7.-Garantía definitiva: Do 5% do prezo de licitación total, incluída a prórroga, excluído o IVE.

8.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b)Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese

corresponder ao licitador.

12.-ADJUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego. O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DÍAS**.

13.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

14.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

15.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO: O prazo de prestación do servizo é de SEIS MESES (6) MESES contado a partir do día seguinte á sinatura do contrato, con posibilidade dunha prórroga de 3 meses. A prórroga será obrigatoria para o contratista, debendo comunicar o ente contratante ao contratista a vontade de facer efectiva esta prórroga coa antelación de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** antes do vencemento do contrato. A prórroga deberá formalizarse por escrito antes de que se extinga aquel.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

16.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DO CONTRATO: O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Así mesmo o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

17.-PENALIDADES: Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurrixe en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal

poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpriuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultará que a súa oferta non houbese sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

18.- ABOAMENTO DO PREZO - PAGAMENTOS: O contratista terá dereito ao aboamento do servizo realizado a mes vencido, mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído, debidamente coa conformidade á mesma do responsable do contrato segundo o disposto neste prego. O prezo ratearase por días, segundo a data de adxudicación e dependendo do tempo que reste para o vencemento do mes da adxudicación. No que respecta á facturación do subministro dos elementos informáticos, que sexa preciso subministrar, farase de forma independente ás presentadas mes a mes polo servizo de asistencia informática, presentando a factura correspondente, co IVE incluído, debidamente coa conformidade á mesma do responsable do contrato.

19.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN: Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

20.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO: Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 308 do TRLCSP, que se acordará na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 309 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

21.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA: O prazo será de **UN (1) ANO** contado dende a data de finalización da prestación do servizo, período durante o cal a Administración poderá comprobar que o servizo prestouse de conformidade ao estipulado no contrato, no prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a propia oferta do contratista. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incorrer, de acordo co establecido no presente prego e no art. 305 do TRLCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades a exercitar sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.

22.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.

23.-RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP será a Alcaldía a responsable do contrato.

24.- REXIME XURÍDICO: O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC e R.D.817/2.009, do 8 de

maio); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 19 de abril de 2.016.

A Alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNES ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE SANXENXO. (incluir no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa
proposta para participar no procedemento de contratación da **prestación do
servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA", así como a
subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE
HARDWARE", DECLARO** o seguinte:

-Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo" e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 11ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 11ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requirido para iso polo órgano de contratación.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO II

MEMORIA DESCRIPTIVA DO SERVIZO (A INCLUIR NO SOBRE "B")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da **prestación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA", así como a subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"**, comprométese a executala con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao fixado na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Memoria da prestación contractual. Achego con este **escrito** unha memoria detallada do desenvolvemento do servizo, coas prestacións complementarias, directamente vinculadas co obxecto do contrato.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO III

OFERTA DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA (A INCLUIR NO SOBRE "B")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da **prestación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA", así como a subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"**, comprométese a executala con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao fixado na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Prezo: Ofrezco a prestación do servizo **"ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA"** polo seguinte prezo por mes, co Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), que non supera o sinalado na cláusula 2ª deste prego **(2.964,50 €)**:

Sen IVE _____ (en número e letra) €

IVE _____ (en número e letra) €

Total co IVE _____ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do orzamento de licitación, incluído o IVE de _____ (en número e letra) €.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO IV

OFERTA DA SUBMINISTRACIÓN TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE", (A INCLUIR NO SOBRE "B")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da **prestación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA", así como a subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"**, comprométese a executala con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao fixado na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-**Prezo:** Ofrezco a prestación da **SUBMINISTRACIÓN TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE", "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA"** pola seguinte **porcentaxe de baixa de desconto** a aplicar respecto aos prezos de cada un dos elementos informáticos a subministrar.

_____ %

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da **prestación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA", así como a subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"**, **DECLARO** o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO VI

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e tan só no suposto de que o licitador acredítase condicións de capacidade mediante a presentación dun certificado acreditativo de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da **prestación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA", así como a subministración de "TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE",** **DECLARO** o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña na proposta non experimentaron variación desde a data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do proponente)